


Día das escritoras

2021



Bibliotecas
escolares
de Galicia



Quen me quere adoptar?

Fina Casalderrey

Xerais, 2005

Manuel era mestre, pero xa non ía á escola.

Estaba xubilado.

A súa única filla era médica

e fora curar nenos a África,

que está moi lonxe.

Manuel sentía fachenda dela.

A súa compañeira de toda a vida tamén marchara. Fixo unha viaxe

moi longa porque chegara

a súa hora.

Manuel pensaba no seu sorriso

pícaro e nos seus dedos delgados.


Fronte ao espello grande

do corredor detíñase para ver pasar

os recordos pola súa face.

Ás veces dábanlle risa.

Ás veces non.



Non te amola!

Xela Arias

Galaxia, 2021

Vou ser vella. De nena quedáame pouco. Oínllelo decir ás miñas tías: “¡Como pasa o tempo! Nun visto e non visto, agora a nena logo se ha facer muller. ¿Que lle poden quedar? ¿Un ano, ou dous? E parece que foi onte cando naceu, coma se fose onte...”

Si. É terrible.

Converterse en muller é converterse en adulto. Certamente recoñezo que non teño présa ningunha. Ademais, parécese bastante perigoso ser adulto.

Xa te pode deter a Policía. E levarte ao cárcere.

Gañar non sei se vou gañar algo.

Porque, ¿que non fago agora que poderei facer?

Nada especial.

Eu xa teño un salario. Dous.

Teño dous salarios, porque meu pai dáme unha paga por enviar os xornais do día aos avós. E miña nai págame a fin de mes por lle axudar na casa, especialmente cos vidros.

Conta no banco tamén xa teño. Gardo o que me dan os tíos. Ás veces, é certo, pero case sempre.

Non sei. Ao mellor podo chegar máis tarde cando saio polo serán. Iso sí.

E mercar a roupa toda que me gusta sen atender a que para cambiar de abrigo haberá que gastar o que teño. Porque se me aburre o abrigo, e aínda queda diñeiro no banco, ¿que narices vou apandar se me parece horrible? ¿Ou non é certo, acaso?

Se me fago muller...

¿Fareime muller de repente? ¿Así, dun día para outro?

Estaremos todos no comedor, rematando a cea, e de repente vou eu e érgome. Dirá miña nai:

— ¿Ti non sabes que un non se ergue da mesa sen deixar o prato baleiro? E direi eu:

— Oes, mamá, déixame en paz. Desde agora mesmo son unha muller. Así que me vou peitear.

Chao.

Miña nai ollará para meu pai. Quedarán os dous calados e asustados, agardando a ver que pasa.

Eu collo a cazadora e digo:

— Dádeme as chaves por se durmides cando volva. O pai fugará no peto.

— E... ¿e logo a onde vas?

— ¿Onde vou ir? ¿Onde se vai palas noites? Á disco, está claro.

— ¡Ah! —dárame as chaves e eu sairei pola porta.

Eles sentados alí, arredor da mesa:

— Pois xa está, si señor, xa está. Pois si. A nena fíxose muller. Pois si.

Meus irmáns quedarán a rabiar.

E para meus pais..., ¿estarán felices ou quedarán máis tristes?



As mil vidas de Dorotea

Lorena Conde

Cuarto de inverno, 2020

SEÑORA POMARA: Nacín neste mesmo sitio onde me vedes hai unha chea de anos. Sen me poder mover vivín aburridísima invernos fríos, primaveras nas que me enchía de flores e de bechos, veráns solleiros toda cheña de mazás e outonos bastante tranquilos, a verdade. A guerra, que foi longa e horrible, paseina aquí tamén, claro, parada sempre no mesmo lugar. Moita xente morreu na guerra e moita outra viviu unha vida tristísima durante a ditadura que veu despois. A maioría das persoas tiña medo, pasaba fame e case todo estaba prohibido. A ditadura durou ata 1975, pero por sorte, antes diso, en 1948, chegou onda min ela, Doro. E xuntas fomos máis felices do que fomos ata ese momento separadas.

Entra polo lado dereito do escenario DOROTEA, unha nena de ollos grandes redondiña e saltarica. Fai unha reverencia e fala.

DOROTEA: A miña primeira vida comezou en Oviedo en 1944 e, ao principio, non me pasaron cousas moi interesantes. Saíronme os dentes, aprendín a andar e a falar e vin só dúas veces a familia do meu pai, que vivía aquí, en Vigo.

(...)


DOROTEA: En 1977 sufrín un accidente de tráfico moi grave e nacín por segunda vez.

De súpeto, a figura de DOROTEA ábrese pola metade coma un libro. No seu interior vense dous corazóns conectados entre si.

As miñas dúas seguintes vidas dediqueinas aos meus fillos, Carlota e Diego e ao teatro. Crialos e seguir traballando convertéronse na miña maior felicidade. O "libro" de DOROTEA péchase.

O pano, que ata agora fixo de lateral da furgoneta, muda. No seu lugar aparece outro que ten pintada unha ROSALÍA DE CASTRO sentada nunha cadeira. ROSALÍA ten unha cabeza parlante á que, cando fala, se lle moven os ollos e a boca.

DOROTEA: Pouco despois do meu segundo nacemento, regresamos a Galicia.



ROSALÍA: E iso por que? Non vos gustou Madrid?

DOROTEA: (mira para ROSALÍA e conversa con ela) Estar fóra fixéranos conscientes do importante que era axudar ás compañeiras e compañeiros que xa loitaban aquí para armar un teatro galego profesional.

ROSALÍA: E en galego, ou?

DOROTEA: Claro, derámonos conta de que non podía haber teatro noso, se non se facía na nosa lingua.

(...)

DOROTEA: No ano 2000 sufrín un aneurisma na aorta, que, se mo preguntades a min, penso que é o nome técnico que usaron os médicos para dicir que nas veas non me collía todo o amor que recibía e daba.

Así nacín por terceira e última vez.

Entran DIEGO e CARLOTA, dúas figuras-libro, coma DOROTEA e BEATRIZ.

DIEGO: A terceira vida da nosa nai foron dezaseis anos de vivir aínda outras vidas máis. De ser, principalmente, o que máis lle gustaba no mundo: actriz. De querer ás amizades e á familia, estar namorada...

CARLOTA: E defender unha idea que sempre tivo presente: a ficción é o espello onde as mulleres nos miramos, entendemos o mundo e o transformamos nun lugar mellor.

As figuras de DORO, BEATRIZ, CARLOTA e DIEGO ábrense e quedan xuntas no centro da escena. Dos “libros” de CARLOTA e DIEGO brotan herbas e flores que se estenden polo escenario, chegan ao proskenio e se espaxen por entre o público coma un prado.

Un pano, tamén de herbas e flores, vai descendendo amodo por diante das figuras e ocúltaas moi pouco a pouco.

VOZ DA DIRECTORA: E agora, cando che preste, podes abrir os ollos e pasealos por este prado silvestre que nos deixou Dorotea Bárcena.



A lavandeira de San Simón

Eva Mejuto

Xerais, 2020

Os mércores tamén cheira a empanada acabada de enfornar. Cando mamá ten a roupa arrobada, ponse a amasar e a preparar o amoadado cos chocos fresquiños que lle traen os mariñeiros. Eu axúdoala sempre. Amasar préstame, pero limpar os chocos dáme moito noxo; quedan as mans negras e cheirentas, e os cativos fan burla de min.

Eu quería que a empanada fose para a casa, pero mamá repite unha e outra vez que hai que compartir cos que teñen menos ca nós, aínda que nós teñamos xa ben pouco.

Para que non me anoxe dáme un bico e as cunchas dos chocos, coas que fago barquiños con mensaxes secretas.

Quizais algún deles atravesese o océano e se atope con papá.

Ola, meu Pai:

Por aquí segue todo igual. Mamá traballa arreo e eu, ás veces, axúdolle un pouco.

Está case sempre triste. Eu penso que te estraña. E eu tamén, moito.

Manda unhas letras para saber que estás ben.

Alí non hai guerra, verdade? Virás por nós?

— Podo ir contigo hoxe? — é a pregunta que fago cada mércores e que sempre ten a mesma resposta.

— Non, es aínda moi pequena.

Ela teima en que o entenderei cando sexa maior, pero eu xa me canso de tanto agardar para facer e entender as cousas.

Achégome a Cesantes refungando, para axudala, que seica para carrexar son grande abondo.



Europa Express

Andrea Maceiras

Xerais, 2015

Quito o sombreiro con rede da cabeza e observo satisfeita as miñas colmeas. Resisten ben a dureza do inverno. Gústame estar así, entre elas, sabendo que dentro de cada unha destas caixas de madeira hai centos de abellas que agardan a chegada da primavera. Esa é unha das cousas que me aprenderon as abellas. Que hai que gardar o mel para cando chega o inverno, que hai que resistir, porque despois do frío sempre ten que vir a calor e o brillo do sol nas flores. Chegará para min?

Aroa

Colgo o meu iphone e observo os demais a través dos cristais da galería. Ou sexa, que momentos tan mega inoportunos elixe o meu manager para chamarme! Ás veces é difícil ser tan popular! É verdade que eu non esperaba pasalo tan ben nesta reunión e que lle dixen que se me saía o tema das fotos para o catálogo da próxima tempada podía chamarme a calquera hora. Ai, se a culpa é miña por ser tan boa! Pero é que xamais na vida imaxinei que esta festa ía ser tan total, never ever!

Mía



Irmá paxaro

Tamara Andrés

Cuarta de inverno, 2019

cando chegues ao termo da traxectoria
descubre
que o teu corpo é
indobregable,
que o traxecto serve para
recoñecer a ferida
fitala
e bicar a carne ausente

na contorsión
descubrirás
que somos fillas
da luz

que te extraño

que che berro todo isto
para arrincar
do ventre
este coitelo
de nostalxia



Os libros que hai en min

Emma Pedreira

Cuarta de inverno, 2021

Pero os días que viñan serían os máis desacougantes da miña vida. Un día pola mañá a miña avoa marchou a unha revisión do médico e non volveu máis. Ingresáran na residencia e, durante cerca de tres meses só puiden vela desde o aparcadoiro do hospital (...).

Durante eses tres meses escribinlle á avoa unha carta diaria. Unha carta-diario, onde lle contaba todo o que me acontecía durante o día, o moito que a botaba de menos e o que desexaba que volveuse á casa. Nun dos sobres incluín aquel recortioño de xornal co poema que lle gustaba tanto, para que puidese lelo. E lía cada noite aquel libro que escolleramos xuntas na feira do libro: O principiño.

Desta vai o primeiro libro e...

Durante os anos máis crus da adolescencia, escribir diarios, cartas e apuntamentos bastante idiotas nas marxes dos libros converteuse para min en algo case obsesivo. Saír de festa e a noite non me gustaba demasiado. Saír tiña que ser para viaxar e a noite para ler, escoitar música e escribir. Encerrábame a atesorar libros e contaba unha e outra vez os cartos para poder mercalos. Contaba unha e outra vez os volumes que ía xuntando na miña biblioteca. Contaba unha e outra vez os poemas que escribía pero que non funcionaban, non me dicían nada, e que ían para o lixo.

Acné e folios



SuperUlex

Susana Sanchez Arins

Quarta de inverno, 2020

Cousas das que gosto

...e botei tanto em falta. Pentear à bisa Rorita.

A bisa Rorita tem o cabelo muito comprido, até a cinta. Ninguém acredita na escola quando o conto, porque ninguém tem ja velhas tão velhas na casa e as velhas já não cuidam das melenas. A bisa tem o cabelo comprido recolhido num periquito durante o día. Todas as noites penteia o cabelo antes de ir dormir. A mamã diz-lhe às vezes de cortá-lo, dos trabalhos e das pneumonias iminentes por andar com ele húmido no inverno.

A bisa não quiere escuitar:

—Já mo contarás quando não reja. Enquanto poda penteá-lo, continuará a crescer.

—Tranqui, bisa, digolhe sempre, quando tu não podas, penteio-te eu.
(...)



Circe ou o pracer do azul

Begoña Caamaño


Galaxia, 2009

Coas vosas cartas e a vosa innata sinceridade, convertestes á xa de seu para min satisfactoria ausencia de Ulises, nun tempo de completa serenidade e calma. Por primeira vez en moitos anos puideren gozar da contemplación do mar sen temor a que a sombra do barco de Ulises se debuxase no horizonte. Grazas, señora, por me devolver o mar. A vós débovos recuperar o pracer polo azul, pola beleza dos solpores e polo rumor devalante das ondas ao morreren nas areas de Ítaca. (...) Credes que para un espírito sempre en fuxida coma o meu, foi este acougo un agasallo pequeno?

XXX —de Penélope a Circe—

Abofé que lle gustaría trocarse con Circe; de non ser porque ela non desexaba experimentar na súa pel as queimaduras do amor, dabondo lle chegaban coas da escravitude. Con todo, pensou a raíña, as cousas xa non serían o mesmo. (...) O que tiña certo era que ela si cambiara neses anos, sobre todo nos últimos meses. Grazas as cartas de Circe era máis forte, máis sabia e non volvería ser tan submisa. Achegouse á xanela e fitou o mar con soberbia. Pode que a marea tentase levala de volta a tempos polos que o seu ánimo estaba decidido a non volver transitar, mais agora, tamén ela sabía navegar.

XXX



Raíz da fenda

Berta Dávila

Xerais, 2013

teciches
esta rebeca de la portuguesa
punto a punto
para mamá.

Agora póñoa eu
cando me invade o frío
de dentro a fóra,
cando preciso que me golpeen as tempos
como un tambor,

cando confío unicamente
na calidade da la portuguesa
atravesando as décadas
para aquecerme agora



Sal de inverno

Rosa Aneiras

Xerais, 2009

Comeza polas lembranzas primeiras. Serache máis doado. Vai amodiño, gorenta palabra a palabra, cada imaxe, cada son. Vai devagar, fai que perdure ese instante en que todo volve. Vai tirando do fío e deixa que o nobelo vaia esmigallando entre os teus dedos. Agarra cada centímetro de memoria e baila outra volta por riba dela. Coma se foses unha buxaina nun torreiro. Farás que todo volva, se é que algunha vez marchou. Se é que algunha vez existiu. Ti, Inverno, eras nena de moitas palabras. Sabías poñerlle nome a todo, sabías posuír o mundo. Pero o tempo irachas roubando.



Follas Novas

Rosalía de Castro

1880

Agora cabelos negros

Agora cabelos negros,
máis tarde cabelos brancos;
agora dentes de prata,
mañán chavellos querbados;
hoxe fazulas de rosas,
mañán de coiro enrugado.
Morte negra, morte negra,
cura de dores e engaños:
¿por qué non mata-las mozas
antes que as mantén os anos?



Darío a diario

Xela Arias

Xerais, 1996

Darío a diario.

Invasión que se me convén fantástica.

Invasión sen ocasión.

Invadíuseme a vida de cueiros e biberóns,
de roupiñas pequenas e xoguetes de cores,
de risas, choros, agarimos, agarimos.

Darío a diario.

A túa man ocupa un cuarto da miña xigante,
por iso detesto un pouco tantas palabras.

Todas para ti, ¡son a raíña parlante!,
¡emperatriz de sonidos guturais en diante!





Ler as idades da vida

Bibliotecas
escolares
de Galicia

